



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PADERNE

Resolución de Alcaldía número 49/2016, de 06/02/2026 do Concello de Paderne en relación co expediente de elección de xuíz de paz titular

En virtude da Resolución de Alcaldía número 49/2016, de 06/02/2026 pola que é aprobada a convocatoria pública para a elección da persoa que desempeñará o cargo de Xuíz de Paz titular.

A convocatoria realízase nos seguintes termos:

1 Obxecto da convocatoria

Elección de Xuíz de paz titular deste municipio.

2 Lugar e prazo de presentación de solicitudes

No Rexistro Xeral do Concello, en horario de 08:30 a 14:30 horas, ou de calquera dos xeitos previstos na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, no prazo de 15 días hábiles dende a publicación do anuncio da convocatoria no BOP

3 Requisitos dos aspirantes

Poderán participar na selección as persoas que, aínda non sendo licenciados en dereito, reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ser español.
- b) Ser maior de idade.
- c) Non estar incurso en algunhas das causas de incapacidade establecidas no artigo 303 da Lei orgánica do Poder xudicial.
 - Os impedidos física ou psiquicamente para a función xudicial.
 - Os condenados por delicto doloso mentres non obteñan a rehabilitación.
 - Os procesados ou inculcados por delicto doloso, en tanto non sexan absoltos ou se dicte auto de sobresemento.
 - Os que non estean no pleno exercicio dos seus dereitos civís.

d) Non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade previstas na Lei orgánica do Poder xudicial.

4 Documentación a achegar coa solicitude

- a) Copia do Documento nacional de identidade.
- a) Certificación de antecedentes penais expedida polo Rexistro central de penados e rebeldes e declaración complementaria a que fai referencia a Lei 68/1980, do 1 de decembro, sobre expedición de certificacións e informes sobre conducta cidadá, de non estar inculcado ou procesado.
- b) Certificado ou informe médico de non estar impedido física ou psiquicamente para a función xudicial.
- c) Declaración xurada de reunir os requisitos legais para acceder ao nomeamento de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade para exercer o cargo.
- d) Xustificación de méritos (de alegalos o solicitante).

5 Elección e nomeamento

As solicitudes presentadas dentro do prazo establecido someteranse á consideración do Pleno do Concello na primeira sesión que celebre para a elección da persoa idónea de entre as interesadas co quórum de maioría absoluta dos seus membros.

Os candidatos propostos polo Concello serán nomeados Xuíz de paz titular pola Sala de goberno do Tribunal superior de xustiza de Galicia por un período de catro anos.

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Paderne, a 09/02/2026.

O Alcalde

Sergio Platas Casal